



1) Que se entende por vía de saca:

- a) É un vía urbana de comunicación de turismos.
- b) Trocha de carácter temporal, que non ten a consideración de pista forestal.
- c) Vía habilitada como consecuencia de unha actuación imprescindible para a extracción ou o arrastre da madeira desde o lugar de apeo ata o cargadoiro ou a pista forestal.
- d) **Son correctas as respostas b) e c).**

2) Como se define un tratamento silvícola:

- a) **Actuacións forestais que tratan da conservación, mellora, aproveitamento ou rexeneración natural das masas arboradas ou, de ser o caso, da restauración.**
- b) Actuación que se levan a cabo nunha selva.
- c) Actuación para restaurar unha vía pecuaria.
- d) Ningunha das respostas é correcta.

3) Que se entende por reforestación:

- a) Técnica de perforación para plantación forestal
- b) A implantación dunha nova masa forestal.
- c) A reintrodución de especies froiteiras mediante sementeira ou plantación, en terreos que estiveron poboados forestalmente ata épocas recentes, pero que quedaron rasos por mor de cortas, incendios, vendavais, pragas, enfermidades ou outros motivos.



- d) **A reintrodución de especies forestais, mediante sementeira ou plantación, en terreos que estiveron poboados forestalmente ata épocas recentes, pero que quedaron rasos por mor de cortas, incendios, vendavais, pragas, enfermidades ou outros motivos.**

4) Que se entende por aproveitamentos forestais

- a) Aproveitamentos que teñen como base territorial o monte e, en especial, os madeireiros e leñosos, incluída a biomasa forestal.
- b) Aproveitamentos non madeireiros, como a cortiza, os pastos, a caza, os froitos, os fungos, as plantas aromáticas e medicinais, os produtos apícolas e os demais produtos e servizos característicos dos montes.
- c) **As respostas a) e b) son correctas.**
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

5) Que se entende por rareo:

- a) A diminución da densidade do arboredo da cal se obtén aproveitamento comercial.
- b) **A diminución da densidade do arboredo da cal non se obtén aproveitamento comercial.**
- c) Actuación de eliminar todo o arboredos nunha masa forestal.
- d) Actuación de roza.

6) En canto ao manexo da planta a raíz núa:

- a) Hai que evitar o contacto da raíz co aire.
- b) Os paquetes deben poñerose ao sol para evitar os fungos.



Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).

Categoría: Xefe de Brigada
Posto: Xefe de Brigada

Fase de oposición

- c) Debe manterse un lugar á sombra e con humidade.
- d) **As respostas a) e c) son certas.**

7) Unha faixa devasa é:

- a) Un área de descanso das autoestradas.
- b) **Unha faixa desprovista totalmente de vexetación que, ao interromper a continuidade do arboredo, mato ou pasteiro, serve para deter o lume.**
- c) Unha zona de almacenamento de madeira.
- d) Unha franxa máis ou menos ancha a ambos os dous lados das pistas, estradas, etc.

8) O sinalamento dos pés que van ser obxecto de aproveitamento é unha operación:

- a) Posterior ao aproveitamento.
- b) **Previa ao aproveitamento.**
- c) Simultánea ao aproveitamento.
- d) É indiferente cando se leve a cabo.

9) Indica cal das seguintes son técnicas puntuais de preparación do solo.

- a) Casiñas picadas.
- b) Aburatado manual.
- c) Aburatado mecanizado.
- d) **Todas as anteriores.**



10) Cal é a distancia de seguridade que se debe manter cunha motorrozadoira manual?

- a) 50 metros.
- b) As respostas c) e d) son certas.
- c) **15 metros.**
- d) Unha cuarta parte da altura do mato que se está a cortar.

11) Cal é o ángulo correcto de afiado dos dentes da cadea dunha motoserra empregada nas tarefas silvícolas e de sanidade forestal?:

- a) 5° - 10°
- b) 10° - 20°
- c) **30° - 35°**
- d) 35° - 45°

12) Os mangos telescópicos das tesoiras de poda facilitan o corte:

- a) **Incrementando o brazo.**
- b) Facilitando o afiado
- c) Facilitando o transporte.
- d) Non facilitan o corte.

13) Os tractores de cadeas empréganse principalmente para:

- a) Pistas forestais.
- b) Preparación do terreo.
- c) Cortalumes.
- d) **Todas as anteriores.**



14) Os eixos das desbrozadoras de cadeas son:

- a) **Verticais.**
- b) Horizontais.
- c) Inclínados 45° respecto da vertical.
- d) Inclínados 45° respecto da horizontal.

15) A profundidade que debe acadar un subsolador é:

- a) 10 centímetros.
- b) 15 centímetros.
- c) 2 metros.
- d) **50 centímetros.**

16) A diferenza entre un autocargador e un arrastrador é:

- a) Ningunha.
- b) **O arrastrador arrastra os troncos mediante cables ou pinzas, mentres que o autocargador carga e transporta madeira.**
- c) O autocargador non pode circular pola estrada.
- d) As respostas b) e c) son certas.

17) Máquinas pesadas máis habituais no ciclo forestal son:

- a) Bulldózer, retroaraña, procesadora e equipo de soldadura.
- b) **Bulldózer, retroaraña, procesadora e autocargador.**
- c) Rozadoiras manuais, plantóns e retroaraña.
- d) Minipala, retrocargadora mixta 4x4 e motoserra.



18) As motorrozadoiras manuais de ata 14 kg de peso, para facilitar o seu manexo, deberá ter unha distribución de cargas do seguinte xeito:

- a) Non existe posibilidade de repartir as cargas; é unha máquina que só podes ser usada por xente con moita forza.
- b) Atoparse equilibrada en torno a un brazo longo e pórtase enganchada a un cinto que se suxeita pola caluga.
- c) O reparto das cargas será mediante o uso con dúas persoas traballadoras a un tempo: unha agárraa polo guiador e outra pola parte traseira.
- d) **Atoparse equilibrada en torno a un brazo longo e ser portada enganchada a un cinto que se suxeita a ombreiros e costas.**

19) Nun Inventario Forestal en cada punto de mostraxe establécese habitualmente:

- a) 1 parcela triangular.
- b) **1 parcela circular.**
- c) 1 parcela cuadrangular.
- d) 1 parcela rectangular.

20) A Fracción de Cobertura (FCC) correspóndese a:

- a) Á evidencia de poda en todas ou algunhas das árbores da parcela nos últimos 5 anos, ben polo que poida ser observado nas árbores en pé ou polos restos no chan.
- b) Ás especies arbóreas frondosas presentes nunha medición de parcela de mostraxe, así como ao seu grao e distribución de mestura, de ser o caso.
- c) **O grao de cobertura do solo pola proxección vertical das copas do estrato arbóreo. O valor máximo que pode tomar esta variable é 100%.**
- d) Ás evidencias de pastoreo de gando doméstico na parcela, tales como: excrementos, camiños, rañadoiros, peches mediante pastor eléctrico ou



outros tipos de aramados, comedeiros, bebedeiros e outras instalacións dedicadas ao manexo de gando.

21) Para a medición de diámetros de árbores en pé úsase:

- a) **Calibrador forestal (forcípula).**
- b) Blume-Leiss.
- c) Suunto.
- d) Reslascopio de Bitterlich.

22) Co dispositivo TruPulse360R, nun inventario forestal poderase medir:

- a) Alturas, acimut e tipoloxía de rexeneración.
- b) **Alturas, ángulos verticais, distancias horizontais e acimut.**
- c) Ángulos verticais, distancias horizontais e tipoloxía silvícola.
- d) Ángulos verticais, acimut e fase natural de desenvolvemento do estrato arbóreo.

23) O hipsómetro Blume-Leiss utilízase para:

- a) Localizar parcelas de mostraxe en inventarios forestais.
- b) Medir diámetros de árbores.
- c) Calcular idades dunha plantación de eucaliptos.
- d) **Medir alturas das árbores.**

24) A determinación das idades das árbores se realiza mediante:

- a) Estimación directa a partires do diámetro e máis da altura.
- b) Un medidor de cortiza.
- c) Un calibrador forestal.
- d) **Unha análise dendrocronolóxica con barrena de Pressler.**



25) Un cantón é:

- a) A unidade básica de xestión que debe permanecer cuns límites inalterables no tempo.**
- b) Nivel superior en superficie que presenta unhas características medias propias que determinan o método de ordenación.
- c) Nivel inferior cuxo perímetro está supeditado ao que marcan as infraestruturas ou os propios cambios no terreo.
- d) A unidade mínima de mostraxe.

26) Que se entende por fuste maduro na clasificación de estado de masas por clase diamétrica?:

- a) Plantas de entre 1,30 a 1,50 m. Masa de aspecto impenetrable.
- b) Plantas de reprodución en contedores > 300 cc.
- c) Plantas cun diámetro nominal superior a 50 cm.**
- d) Plantas agromadas e ata 1,30 cm de altura.

27) Que se entende por latizal na clasificación de estado de masas por clase diamétrica?:

- a) Plantas de entre 1,30 a 1,50 m. Masa de aspecto impenetrable.
- b) Plantas de reprodución en contedores > 300 cc.
- c) Plantas cun diámetro nominal comprendido entre 10 e 20 cm.**
- d) Plantas agromadas e ata 1,30 cm de altura.

28) A enfermidade coñecida como "bandas de piñeiro" está causada por:

- a) Insectos xilófagos.



Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).

Categoría: Xefe de Brigada
Posto: Xefe de Brigada

Fase de oposición

- b) **Fungos fitopatóxenos.**
- c) Bacterias de xénero xilófago.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

29) A loita biolóxica contra a avespa do castiñeiro (*Dryocosmus kuriphilus*) realízase en Galicia, maioritariamente con:

- a) **Soltas do parasitoide de *Torymus sinensis*.**
- b) Soltas de avespas antagónicas.
- c) Soltas de velutinas.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

30) O organismo causante (*Bursaphelenchus xylophilus*), da "seca ou murcha dos piñeiros" é:

- a) Un insecto.
- b) **Un nematodo.**
- c) Un fungo.
- d) Un crustáceo.

31) O axente causante (*Bursaphelenchus xylophilus*) da coñecida "seca ou murcha dos piñeiros" está cualificado como:

- a) **Organismo nocivo de corentena (praga de corentena).**
- b) Praga común.
- c) Organismo modificado xeneticamente.



Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).

Categoría: Xefe de Brigada
Posto: Xefe de Brigada

Fase de oposición

d) Insecto perigoso.

32) O principal responsable da dispersión do nematodo da madeira do piñeiro (*Bursaphelenchus xylophilus*) é:

- a) Un insecto (*Dryocosmus spp.*).
- b) Praga común (*Cryphonectria spp.*).
- c) **Un coleoptero (*Monochamus spp.*).**
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

33) A procesionaria dos piñeiros (*Thaumetopoea pityocampa*)

- a) É un defoliador de especies do xénero *Quercus* (principalmente carballos).
- b) **As súas eirugas forman bolsóns que producen defoliacións nos piñeiros.**
- c) Produce perforacións na madeira dos piñeiros.
- d) Forma bugallas nas follas dos carballos.

34) Que é o gorgullo do eucalipto (*Gonipterus spp.*)?:

- a) **Un insecto defoliador.**
- b) Un insecto perforador do fuste.
- c) Un insecto perforador de xemas.
- d) Un fungo.

35) Os clareos preventivos:

- a) **Son cortas de mellora que afectan só ao arboredo seco, enfermo, danado, etc.**



- b) Son cortas de rexeneración que manteñen ou conducen a unha masa coetánea.
- c) Son cortas de mellora na que se busca dosificar a competencia, mellorando a masa que queda en pé e obtendo ou non un aproveitamento comercial dos pés extraídos.
- d) Son cortas executadas en aplicación da normativa en materia de pragas e enfermidades forestais.

36) Que se entende por loita integrada:

- a) A aplicación racional dunha combinación de medidas biolóxicas, biotecnolóxicas, químicas, de cultivo ou de selección de vexetais.
- b) A aplicación abusiva de produtos fitosanitarios para o control das pragas e enfermidades.
- c) O emprego de produtos fitosanitarios limítase ao mínimo necesario para o control das pragas.
- d) **As repostas a) e c) son correctas.**

37) Con referencia aos conceptos de topografía e cartografía:

- a) Son conceptos iguais.
- b) **A topografía representa superficies terrestres máis pequenas ca cartografía.**
- c) A cartografía representa superficies terrestres máis pequenas ca topografía.
- d) Ningunha é certa.



38) As curvas de nivel son liñas nos mapas que unen puntos de igual cota (altitude), e, en consecuencia:

- a) Se nun mapa ou plano as curvas de nivel están moi xuntas a pendente é moi alta.**
- b) Se nun mapa ou plano as curvas de nivel están moi xuntas a pendente é moi baixa.
- c) A distancia entre curvas de nivel non indica a pendente.
- d) A pendente non está relacionada coa diferenza de altitude.

39) Que clases de distancias poden definirse entre dous puntos do terreo?:

- a) Natural, aparente, artificial.
- b) Natural, xeométrica, ampliada.
- c) Natural, artificial, ampliada.
- d) Natural, xeométrica, reducida.**

40) Como se denomina a distancia entre dous puntos medida sobre un mapa ou plano?

- a) Xeométrica.
- b) Natural.
- c) Reducida.**
- d) Ningunha das anteriores.



41) Respecto ás unidades de medida lineal.

- a) **A unidade básica é o metro (m).**
- b) Un quilómetro (km) equivale a 100 metros.
- c) Un hectómetro (hm) equivale a 1.000 metros.
- d) Ningunha das anteriores.

42) No que concirne ás unidades de medida superficiais.

- a) 1 hectárea (ha) e igual a 1 hectómetro cadrado (hm^2).
- b) 1 hectárea (ha) e igual a 10.000 metros cadrados (m^2).
- c) 1 hectárea (ha) é igual a 100 áreas (a).
- d) **Todas son certas.**

43) Con respecto ao sistema sesaxesimal, só unha das seguintes afirmacións é a correcta:

- a) **A circunferencia ten 360 graos.**
- b) A circunferencia ten 400 graos.
- c) A circunferencia ten 60 graos.
- d) Ningunha das anteriores.

44) Como se debe ler o ángulo $62^\circ 40' 32''$?

- a) 62, 4032 graos.
- b) 62 graos, aproximadamente.
- c) 62 graos 40 centigraos e 32 miligraos.



d) 62 graos, 40 minutos e 32 segundos.

45) Respecto do sistema centesimal, sinalar a resposta correcta:

- a) A circunferencia ten 360 graos.
- b) A circunferencia ten 400 graos.**
- c) A circunferencia ten 100 graos.
- d) Ningunha das anteriores.

46) Acerca das escalas:

- a) O numerador indica a medida no terreo e o denominador a medida no plano.
- b) O numerador indica a medida no terreo e o denominador a medida no terreo.
- c) O numerador indica a medida no plano e o denominador a medida no plano.
- d) O numerador indica a medida no plano e o denominador a medida no terreo.**

47) Cal é unha vantaxe importante do emprego do GPS fronte a estación total?

- a) Non é preciso que os puntos a medir sexan visibles entre si.**
- b) Utilizan linguaxes de programación máis modernos que só poderán ser descodificados na oficina.
- c) Están baseados na intelixencia artificial.
- d) Ningunha das anteriores.

48) A distancia de seguridade no apeo manual con serra de cadea debe ser:

- a) A altura da árbore para cortar.



Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).

Categoría: Xefe de Brigada
Posto: Xefe de Brigada

Fase de oposición

- b) Catro veces a altura da árbore para cortar.
- c) Dúas veces e media a altura da árbore para cortar.**
- d) Non é necesaria distancia de seguridade.

49) A conduta P.A.S. baséase nas seguintes accións:

- a) Protexer, avisar, seguir.
- b) Previr, avisar, seguir.
- c) Protexer, avisar, socorrer.**
- d) Protexer, avisar, saír.

50) O acrónimo EPI corresponde a:

- a) Equipo de Prevención e Protección individual.
- b) Equipo de Protección Integral.
- c) Equipo de Prevención Individual.
- d) Equipo de Protección Individual.**

51) Constitúen medidas preventivas en traballos de plantación:

- a) Non decidir de antemán puntos de almacenamento.
- b) Dispersar os detritos que avulten moito para facilitar o paso.
- c) Traballar de forma continuada sen descanso para terminar antes.
- d) Alternar os tipos de traballo para evitar tarefas de tipo repetitivo.**

52) Na zona de traballo :



Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).

Categoría: Xefe de Brigada
Posto: Xefe de Brigada

Fase de oposición

- a) As ferramentas xamais se poden afiar.
- b) Non convén que se dispoña de afiadores.
- c) Convén facer sinais tenues de aviso.
- d) Convén que se dispoña de afiadores adecuados.**

53) Cando se estean cortando materias leñosas ou cando unha obstrución traia consigo un risco de rebote:

- a) Só debería utilizarse o sector da folla comprendido entre as 8 e as 11 horas.**
- b) Paralizarase o traballo.
- c) Deberá informarse ao superior xerárquico.
- d) Todas as respostas anteriores son incorrectas.

54) Apeo, desrame e tronzado (serras de cadea):

- a) A caixa de primeiros auxilios de primeiros auxilios gardarase nunha sala de vixilancia.
- b) No lugar de traballo haberá sempre un vehículo para poder facer fronte a un posible contratempo.**
- c) Empregarase a serra máis pesada e a barra de guía máis curta posible.
- d) Ao empezar a manexar a serra de cadea, o operario deberá manterse preto doutras persoas.

55) Apeo manual con serras de cadeas. Cal destas afirmacións é falsa?:

- a) Deberase decidir a dirección de curta e o método.
- b) Deberase decidir o roteiro de extracción.



- c) Deberase manter a superficie de curta única, sen dividir en zonas que se asignen aos diferentes traballadores.**
- d) Ninguén deberá colocarse preto do operario de curta, salvo no caso de que o operario de curta considere que resulta seguro facer o contrario.

56) Regra básica do tallado direccional:

- a) O corte horizontal (ancho aproximado 45º; Profundidade 1/5-1/4 do diámetro do tronco).
- b) Pequenos cortes laterais para evitar arrincar a fibra da madeira branda.
- c) Corte principal ou corte de caída (lixeramente máis alto que o corte horizontal).
- d) Todas as respostas son correctas.**

57) Ao desramar cunha serra de cadea, os traballadores deberán:

- a) Moverse ao desramar a parte máis próxima do madeiro.
- b) Manter o pé esquerdo moi apartado da serra ao desramar a parte máis afastada do madeiro.
- c) Ter coidado coas ramas e o sotobosque en tensión e procurar que volvan a súa posición inicial.
- d) Non cortar ramas coa punta da espada.**

58) Torar a man e con serras de cadea :

- a) Cando se produce unha tensión deberá darse o primeiro corte na zona de impresión.



- b) Cando se produce unha tensión deberá darse o primeiro corte na zona de compresión.**
- c) Cando se produce unha tensión deberá darse ao final corte na zona de compresión.
- d) Non se fan cortes na zona de compresión.

59) Sinala a resposta falsa. Torar a man e con serras de cadea:

- a) Os traballadores deberán examinar coidadosamente a torada antes de empezar a operación de torar, para ver se vai rodar, caer ou oscilar unha vez finalizada a operación.
- b) Nun terreo inclinado, os operarios non deberán traballar por baixo da torada que se vaia a torar, a non ser que sexa inevitable, nese caso deberán suxeitala ou impedir dalgún outro modo que rode.
- c) Sempre que pareza probable que se vai a atascar a barra de guía antes de finalizar a corta, deberá evitarse o uso da cuña.**
- d) Nas toradas en tensión deberá darse o primeiro corte na zona de compresión.

60) Indica cal é a afirmación incorrecta. Constitúen obrigacións do empresario:

- a) Garantir a saúde e seguridade dos traballadores.
- b) Actuar sobre todos aqueles factores de risco que poidan ter consecuencias negativas na seguridade e saúde dos traballadores.
- c) Intensificar a actividade para realizar en caso de risco grave e inminente.**
- d) Impartir formación en materia preventiva.



PREGUNTAS DE RESERVA:

1) A valoración primaria do accidentado non inclúe análise de:

- a) Consciencia.
- b) Respiración.
- c) **Abdome.**
- d) Hemorraxia.

2) A plantación debe realizarse:

- a) En condicións de humidade.
- b) Tratando de evitar a lúa chea.
- c) En ausencia de xeadas.
- d) **As respostas a) e c) son certas.**

3) As potencias dos motores dos tractores máis frecuentemente empregados en traballos forestais:

- a) Son menores de 75 CV.
- b) **Están entre 100 y 250 CV (75 y 180 kW).**
- c) Sempre ten que ser maior de 300CV.
- d) Ningunha das anteriores.

4) Para a localizar as parcelas de medición en campo úsase:

- a) Unha estación total.
- b) Un nivel.
- c) **Un navegador ou GPS.**
- d) Un dendrómetro.



Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).

Categoría: Xefe de Brigada
Posto: Xefe de Brigada

Fase de oposición

5) Para que sirve un nivel?:

- a) Para medir diferencias de cotas.
- b) Para medir ángulos.
- c) Para realizar medición óptica de distancias.
- d) a) e c) son certas.**